

**CONTIDOS**

<b>1.ª AVALIACIÓN</b>	<b>2.ª AVALIACIÓN</b>	<b>3.ª AVALIACIÓN</b>
Bloque 1. Procedementos de traballo Bloque 2. A Terra e a vida	Bloque 3. Avances en biomedicina Bloque 4. A revolución xenética	Bloque 5. Tecnoloxías de información e comunicación

O bloque 1 Procedementos de traballo será traballado na primeira avaliación e ademais durante todo o curso , e por tanto os seus estándares correspondentes serán recollidos nas tres avaliacións. O resto dos contidos e os correspondentes estándares de aprendizaxe estarán secuenciados nas diferentes avaliacións.

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**

Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións seguindo o calendario aprobado polo claustro.

## Obtención da cualificación

Probas obxectivas escritas e/ou orais.	50%
Traballos científicos	20%
Traballo de clase	20%:
Notas de clase: participación e interese na materia	10%

Para superar cada avaliación será preciso alcanzar un 5 sobre 10 ao considerar todos os aspectos anteriormente tratados. Para superar a materia deberá obterse unha nota mínima de 5 na media das tres avaliacións.

Se non se alcanza a nota mínima de 5 o alumno/a terá dereito a recuperar a parte adicada ás probas obxectivas (50%) nunha proba escrita de recuperación no seguinte trimestre. Non poderá modificarse a nota nos apartados referidos ao traballo diario e traballos/proxectos.

Se o alumno/-a non supera a materia por avaliacións terá dereito a un exame final en xuño que, pola súa excepcionalidade, supora o 100% da nota. Nesta mesma proba o alumnado que tivera algunha avaliación suspensa fará unha proba coas avaliacións non superadas. Esta proba final versará sobre os estándares correspondentes as avaliacións non superadas.

Para superar a materia o alumnado terá que alcanzar como mínimo un 5.

A nota final da materia na avaliación ordinaria virá dada pola media das tres avaliacións e para aprobar deberá ser igual ou superior a cinco puntos.

Se un alumno ou alumna non supera a materia na avaliación ordinaria, na avaliación extraordinaria realizará unha proba global da materia que será terá un valor de 0 a 10 puntos. Para obter o aprobado é necesario acadar a cualificación de cinco puntos.

\*Estes criterios complementáanse coas normas sobre cualificacións da programación, que transcribimos e ampliamos quedando:

a.- En canto ao redondeo de decimais realizarase ao número enteiro máis próximo e no caso de equidistancia ao superior, tal e como establece a normativa educativa para cálculos de nota media

b.- Se un alumno/a é sorprendido copiando mediante calquera sistema durante a realización dunha proba escrita, a cualificación no exame correspondente será de 0 puntos.

c.- O uso de calquera dispositivo electrónico (móvil, MP3, Ipad, tableta , etc) durante a realización das probas escritas (exames, controis de clase,...) será sancionado cun cero na cualificación da correspondente proba.

**PLAN DE LECTURA ANUAL**

Hora de Ler: SI

Lecturas Recomendadas: artigos /textos científicos de distintas temáticas.